



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 13 de XULLO de 2022 (1250/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trece minutos do día trece de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(588).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(589).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE BRYAN ADAMS NO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS DE VIGO. EXPTE. 9270/335.**

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario do concerto de Bryan Adams previsto o día 14 de xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo (PCAP).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 14 de Xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo.*

***Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 30 de Xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 7 de Xullo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

***Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación 121.000,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 100.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

***Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 11 de xullo de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 11 de xullo de 2022 do XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** O 12 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e solicitouse ao licitador a emenda da mesma, conferíndolle ao efecto un prazo de tres días.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** En datas 12 e 13 de xullo de 2022 o licitador presentou a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo a documentación solicitada. Nesta data reúnense de novo as citadas funcionarias para cualificar a nova documentación presentada polo licitador.

Unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítese neste procedemento a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L..

A continuación, ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Sexto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** O prazo do contrato previsto na cláusula 7 comezará no momento da firma do mesmo.

A responsable do contrato, a hora de conformar a factura relativa ao pagamento do prezo, deberá ter en conta o prazo real de execución.

Segundo a cláusula 32.1 do PCAP "1.- O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizado o concerto e desenvolvidas as actuacións de difusión propostas. Coa presentación da factura o patrocinado deberá entregar unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá un resúmen gráfico de todas as actuacións de difusión dos actos do concerto de BRYAN ADAMS".

**Terceiro.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 12 de xullo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Cuarto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario do concerto de Bryan Adams previsto o día 14 de xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo (9270-335) por un prezo total de 121.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.000 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(590).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING PARA O CONCERTO DE GWENDAL. EXPTE. 9234/335.**



## Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 12/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de Gwendal (9234-335).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 16 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de Gwendal (9234-335), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 16 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ACTOS MANAGEMENT, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 30 de xuño de 2022 do ACTOS MANAGEMENT, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 4 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

**Quinto.-** Realizada a apertura do sobre A (Documentación Persoal) apreciase que o licitador non presenta a seguinte documentación que require emenda: acreditación da solvencia técnica mediante os correspondentes certificados; escritura de constitución da mercantil ACTOS MANAGEMENT, S.L.; CIF; NIF do representante e Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento. En vista do anterior, acordase solicitarlle a emenda da documentación persoal e que acredite estes extremos, concedéndolle ao efecto un prazo de tres (3) días. No entanto, durante o prazo conferido ao efecto o licitador non presentou ningunha documentación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** No procedemento que nos ocupa, procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de Gwendal, invitouse unicamente a ACTOS MANAGEMENT, S.L., por ter os dereitos de exclusiva para a celebración do concerto de Gwendal no palco exterior de Castrelos o 25 de xullo do ano en curso.

O licitador presentou a documentación para participar nesta licitación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Nembargantes, aberto o sobre A foi preciso requirirille a emenda da documentación persoal. Durante o prazo conferido a estes efectos o licitador non presentou ningunha documentación, polo que non pode ser admitido na licitación. En consecuencia, ao ser o único licitador, compre declarar deserto este procedemento de licitación.

**Segundo.-** A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.-Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de Gwendal (9234-335) por non ser admitido o licitador único presentado.*

*2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e catorce minutos. Como secretaria dou fe.

JRB/rs.



**Concello de Vigo**

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez